**RECURSOS DIDÁCTICOS**

# A WEB COMO RECURSO. UN EXEMPLO

**CID MANZANO, Ramón**
*I.E.S. de Negreira*- A CORUÑA

Indicar a estas alturas as bondades que Internet en xeral, e a Web en particular, posúen como recurso para o ensino é absolutamente innecesario.

Non obstante, dado que ó longo deste curso se teñen dotado moitos centros con tarxeta RDSI, perrmitindo unha velocidade de navegación suficientemente rápida e mesmo a conexión en rede de varios ordenadores no centro, creo que paga




a pena presentar un exemplo concreto para animar ós aínda indecisos a que se aventuren e comproben as vantaxes da rede global.

Non obstante, non todo vai ser «papanatismo» e terá ocasión ó final de facer algunhas consideracións ó respecto.

Son moitos os exemplos que se poden presentar a tal efecto, pero hai un que ten especial significancia dado que ven de aparecer moi recentemente.

Trátase dunha Web adicada a CIENCIA e a TECNOLOXÍA que está incluída no «portal» en lingua española MUNDO OLÉ.

Pode ser visitada en http://mundo.ole.com/ciencia/portada.cfm

A través dun entorno gráfico moi atractivo o navegante ou a navegante verá dispoñible varios servicios de información científica, como curiosidades, efemérides, enlaces, chats, xogos, cursos, etc., actualizándose semanalmente.

Pasemos agora a ver algunhas das cousas que podemos atopar. Así na *Portada* xa podemos ver no centro da mesma unha sección adicada as efemérides do día no que un «entra» nesta Web, e a dereita outra apartado destinado a curiosidades.

Se nos fixamos á dereita aparece a posibilidade de navegar a outras páxinas desta Web. Así se imos a *Actualidade* veremos a seguinte páxina*:*




Nela atopamos unha sección na que podemos atopar os Boletíns de novas das últimas semanas na que aparecen as noticias sobre ciencia e tecnoloxía máis suliñables. Ademáis vemos ampliadas unha delas, e destacada outra á dereita da páxina.

Polo tanto, soamente coa páxina de portada e a da actualidade xa hai material abondo para que un grupiño de alumnos ou alumnas extraian numerosa información en forma de textos, debuxos, fotos e gráficos que facilmente pode ser tratada cun procesador de texto e levada á aula ou a calquera outra parte do centro. Ese grupiño pode ir alternándose de xeito que ó longo dun curso podan navegar pola «rede» un enorme cantidade de estudiantes. Moitos dos que teñan traballado desta maneira con prensa e revistas atoparan que este medio é moito mais atractivo e suxerente.




Pero continuemos a nosa navegación. Vaiamos agora á páxina *Aula científica*.

Como se sinala nela trátase dun lugar donde aprender en forma de cursos guiados sobre os máis diversos temas da ciencia e a tecnoloxía. Nestas semanas estase a «impartir» un tema sobre Astronáutica, e pocuo a pouco irase ampliándo a oferta.

A páxina *Comunidades virtuais* pretende ser un espacio na que supoña por un lado un punto de encontro para todas aquelas persoas interesadas ou formadas nestes campos, e por outro lado, unha fonte de información acerca dos mesmos.




Calquera persoa con inquietudes científicas ou técnicas ten aquí un espacio reservado para inclui-la súa propia páxina referente á Ciencia e a Tecnoloxía; ou pode enviar os seus coñecementos acerca dun tema; pode intercambiar con outros as súas experiencias profesionais ou formativas; dar a coñecer diversas fontes de información que estime oportunas, así como adquirir consello o asesoramento acerca destes temas.



Seguindo o percorrido chegamaos á *Consulta online*

Trátase de formular preguntas do ámbito científico ou tecnolóxico para que os encargados de mante-la Web busquen a resposta e nola ofrezan de forma asequible.




Se pasamos á seguinte páxina entraremos na pantalla adicada os *Enlaces*. Aquí poderemos atopar algún enlaces a outras Web que tamén tratan temas de ciencia e tecnoloxía. Así podemos entrar nunha páxina como VIH e Sida, Astronomía para Secundaria, Ciencia divertida, Ciencia e tecnoloxía na CNN, etc.

Chegamos á paxína do *Informe do mes*. Nesta sección encontraremos cada mes un novo informe sobre un tema concreto de ciencia e tecnoloxía, elaborado por persoas especializadas. Os temas que teñen aparecido ata o momento son : «Últimos avances en enerxía eólica», «Os pozos artesianos: un grave atentado ecolóxico do século pasado», «A enxeñería das décadas futuras», Un paso máis cara ó instante da creación».

Finalmente hai tres páxinas máis pero menos sesudas. Así hai unha adicada ó *Trivial*, na que se nos propoñen xogar en liña, outra para «charlar» (*Chat*) en tempo real con outra xente interesada neste temas e por último outra chamada *Tablón* na que podemos ver o que uns ofrecen e outros solicitan. Quen sabe, ó mellor atopamos nela alguén que teña aquel documento, teña traballado con aquel recurso ou posúa aquela información que tanto nos fai falla.




Creo que abonda o presentado ata aquí para decatarse de que as posibilidades son enormes. É un instrumento moi potente para motivar ós estudiantes, sobre todo a aqueles que son máis reacios á clase convencional.

Pero como dicía ó comezo, non se pode caer no «papanatismo» sen maís. Por suposto que ninguén pode crer que nestes tempos se nos ofrece gratuitamente algo. Segundo imos pola Web, diferente publicidade atractivamente disposta en «banners» (bandas) nos bombardea consciente e subconscientemente. A través de «cookies» o ordenador remoto pode segui-los nosos movementos, e naturalmente comezaremos a recibir correos electrónicos nos que se nos ofrecen productos que poden estar relacionados coa páxina.

Pero isto pasa con tódolos medios de comunicación, e por iso no creo que sexa xusto demonizar a Internet, e pola contra son moitas as vantaxes que nos pode proporcionar.

Ademáis nun centro educativo ese «intrusismo» da rede queda minimizado pois basicamente os tempos de uso son curtos e están baixo conro do profesor ou profesora. Quizáis sexa nos xa frecuentes «cibers» onde atoparemos decenas de rapaces e rapazas «papanatizados» pola Internet, polo que o seu uso nun centro escolar, desde un enfoque diferente, poda mesmo supoñer unha forma de correxir abusos e descontroles.

Para os xa internautas nada novo terán aprendido aquí, como non sexa unha nova URL á que acudir, pero para os neófitos pode supoñer un primeiro paso a partires do cal comecen a introducirse no resto de posiblidades que sen dúbida como ensinantes atoparemos na Internet.